

Nellie Bly

A volta ao mundo
em 72 días



rinoceronte

CAPÍTULO I

Unha proposta para dar a volta ao mundo

Que como se me ocorreu?

Ás veces resulta complicado dilucidar que é o que lle dá vida a unha idea. As ideas son o principal capital do negocio periodístico e, polo xeral, tamén o máis escaso do mercado; pero de cando en vez chegan.

Esta idea presentóuseme un domingo. Acabara de pasar gran parte do día e a metade da noite intentando dar en van con algunha idea para un artigo. Tiña por costume pensar as ideas o domingo para logo presentarlhas ao meu editor, quen as aprobaba ou rexeitaba o luns. Pero aquel día as ideas non daban chegado, e ás tres da mañá estaba sen forzas, dando voltas na cama cunha forte dor de cabeza. Ao final, cansa e enervada pola miña torpeza á hora de atopar un tema, algo con que traballar durante a semana, pensei, molesta: «Quen me dera estar na outra punta do mundo!».

«E por que non?», pensei. «Fanme falta unhas vacacións. E se fago unha viaxe arredor do mundo?»

Non é moi complicado seguir a liña de pensamento. A idea de facer unha viaxe arredor do mundo resultábame tentadora, e engadín: «Se puidese facer a viaxe tan velozmente coma Phileas Fogg, debería intentalo».

Considereí entón se era posible realizar a viaxe en oitenta días, e tras iso adormecín con facilidade, decidida a pescudar, antes de volver tocar a almofada, se se podía superar o récord de Phileas Fogg.

Ese mesmo día acudín ás oficinas dunha navieira e seleccionéi uns horarios. Sentei, impaciente, e comecei a repasalos; e se atopase o elixir da vida eterna non me sentiría mellor que cando albisquei a posibilidade de realizar unha volta ao mundo en menos de oitenta días.

Presenteille a idea ao meu editor con certas reservas. Temía que pensase que era demasiado atrevida e fantasiosa.

—Traes algunha idea? —dixo, mentres sentaba xunto ao seu escritorio.

—Unha —respondín a media voz.

Sentou e púxose a enredar coas súas plumas, á espera de que continuase, así que lle chantei:

—Quero dar a volta ao mundo!

—E logo? —levantou a mirada de forma inquisitiva; nos seus ollos bondadosos adiviñábase un sorriso.

—Quero dar a volta ao mundo en oitenta días ou menos. Creo que podó bater o récord de Phileas Fogg. Podó intentalo?

Para a miña consternación, díxome que xa se lles ocorrera esa idea e que tiñan a intención de enviar un home. Con todo, como consolo, ofreceuse a interceder para que puidese ir eu, e logo foi conversar co director sobre o asunto.

—É imposible que vaías ti —foi o terrible veredicto—. En primeiro lugar, es unha muller, e necesitarías levar un acompañante que te protexese. E incluso no caso de que puideses viaxar soa, levarías tanta equipaxe que non poderías facer os transbordos con rapidez. Ademais, só falas inglés, de modo que non paga a pena seguir dándolle voltas. Este é traballo para un home.

—Moi ben —contestei, enfadada—. Pois enviade un home. Eu partirei o mesmo día para outro periódico e chegarei antes ca el.

—Non dubido que o farías —dixo el, devagar.

Non quero dicir con isto que as miñas palabras tivesen efecto na súa decisión, pero o que si sei é que me despedín del feliz pola promesa de que se esa viaxe se lle encargaba a alguén sería a min.

Despois de dispoñer todo o que necesitaba para marchar, apareceron outros proxectos importantes para os que necesitaba recompilar noticias, e esta idea visionaria quedou relegada un certo tempo.

Ata que unha mañá fría e húmida, e pasado un ano desta conversa, recibín unha notiña na que se me pedía que acudise inmediatamente á redacción. Un chamamento como aquel, a última hora da tarde, resultábame tan infrecuente que se me desculpará que fose todo o camiño pensando no motivo polo que me ían reprender.

Entrei, sentei xunto ao editor e agardei a que falase. El levantou a mirada do papel no que estaba a escribir e preguntou:

–Podes empezar a volta ao mundo pasadomañá?

–Podo empezar agora mesmiño –respondín, incapaz de deter os apresurados latexos do meu corazón.

–Pensáramos en enviarte no *City of Paris* mañá pola mañá, de forma que teñas tempo dabondo para coller o tren correo de Londres, porque é posible que o *Augusta Victoria*, que sae á mañá seguinte, encontre mal tempo e que non chegues para coller o tren correo.

–Probarei sorte co *Augusta Victoria*. Así teño un día máis –argumentei.

A mañá seguinte fun a Ghormley, o modisto de moda, para encargar un vestido. Cheguei alí pasadas as once, e levoume apenas un intre explicarlle o que quería.

Sempre tiven a reconfortante sensación de que nada é imposible se unha envía unha determinada cantidade de enerxía na dirección adecuada. Cando quero que algo se

faga, o que sempre é no último momento, e recibo unha resposta como: «É demasiado tarde. Non creo que sexa posible», límítome a dicir: «Parvadas! Se quere, pode. A cuestión é, quere?».

Non coñecín ningún home nin muller que tras oír semellante resposta non se sentise motivado a dar o mellor de si mesmo.

Se queremos obter un bo traballo dos demais ou aspiramos a lograr algo nós mesmos, endexamais será de utilidade albergar dúbidas con respecto ao resultado dunha empresa.

Así que cando fun á de Ghormley díxenlle:

–Quero un traxe para hoxe pola tarde.

–Moi ben –respondeu el despreocupadamente, coma se fose a cousa máis normal do mundo que unha moza encargase un traxe con tan poucas horas de antelación.

–Quero un traxe que resista tres meses de uso continuado –engadín, deixando que a responsabilidade recaese sobre el.

Sacou distintos tecidos que foi guindando en artísticos pregos encol dunha mesiña, estudando o efecto nun espeillo de parede que tiña en fronte.

Non parecía nervioso nin apurado. Durante todo o tempo que estivo probando os diferentes efectos dos tecidos mantivemos unha conversa animada e lixeira. Nuns poucos minutos seleccionara un velarte de cor azul liso e un discreto tartán de pelo de camelo como a combinación máis duradeira e axeitada para un traxe de viaxe.

Antes de irme, sobre a unha da tarde, fixera a primeira proba. Cando volvíñ ás cinco para a segunda, o traxe estaba terminado. Considerei esta presteza un bo agoiro, en harmonía co proxecto.

Tras saír da de Ghormley, fun a unha tenda e encarguei un abrigo. Despois acudín a outra modista para encargarme un vestido máis lixeiro que puidese poñer alí onde fose verán.

Tamén merquei un bolso de man, decidida a limitar a miña equipaxe a canto coubese nel.

Á noite, o único que me quedaba por facer era escribirlles aos meus amigos unha liña de despedida e preparar o bolso.

Meter todo no bolso foi a tarefa máis difícil da miña vida, porque había demasiadas cousas para tan pouco espazo.

Conseguín que coubese todo agás o vestido de reposito. De modo que non había outra solución: ou engadía un paquete á miña equipaxe ou daba a volta ao mundo cun só vestido. Como non hai cousa que odie máis ca os paquetes, sacrifiquei o vestido. Pero saquei un corpiño de seda do verán anterior e, tras facer un esforzo considerable, conseguín embutilo no bolso.

Creo que partín posuída pola superstición. O meu editor confesárame que o día anterior a que se decidise facer a viaxe tivera un soño agoireiro. Parece ser que eu ía onda el e lle dicía que ía participar nunha carreira. Non moi convencido das miñas habilidades como corredora, pensou en dar a volta para non presenciar a competición. Oíu tocar a banda, como sucede en tales ocasións, e tamén o aplauso final. Entón achegueime a el cos ollos cheos de bágoas e díxenlle: «Perdín a carreira».

—Xa sei o que quere dicir ese soño —dixen, cando rematou—. Que eu empezarei a conseguir noticias para o xornal pero que logo algún outro me gañará.

Cando ao día seguinte recibín a noticia de que ía dar a volta ao mundo, invadíume un terror profético. Temía que

o *Time* gañase a carreira e me deixase incapaz de completar a volta en oitenta días ou menos.

Tampouco tiña moi boa saúde naquela época do ano en que me dixeron que dese a volta ao mundo no menor tempo posible. Levaba case un ano sufrindo xaquetas a diario, e aínda a semana anterior consultara varios médicos eminentes, preocupada por que a miña saúde se estivese resentindo a causa dunha dedicación ao oficio demasiado constante. Levaba case tres anos dedicándome ao xornalismo, durante os cales non tivera un só día de vacacións. Non era de estrañar que pensase nesta viaxe coma un pracenteiro e moi merecido descanso.

A tarde anterior á miña partida fun á redacción e recibín 200 libras en moedas de ouro inglesas e billetes do Banco de Inglaterra. Gardei as moedas no peto e os billetes nunha bolsa de pel de rebezo que levaba colgada do pescozo. Ademais disto, tamén collín moedas de ouro e billetes estadounidenses para empregalos noutros portos e comprobar así se o diñeiro norteamericano era coñecido fóra do país.

No fondo do bolso levaba un pasaporte especial, co número 247, asinado por James G. Blaine, secretario de Estado. Houbo quen suxeriu que un revólver sería unha boa compañía para o pasaporte, pero cría tan firmemente que o mundo me trataría así como eu o tratase que me neguei a ir armada. Sabía que se me comportaba da forma axeitada nunca tería problemas para encontrar homes dispostos a protexerme, fosen estes estadounidenses, ingleses, franceses, alemáns ou de calquera outra nacionalidade.

É posible comprar en Nova York as pasaxes para toda a viaxe, pero considereí que quizais nalgún momento me vería obrigada a cambiar de ruta, polo que o único traxec-

to que tiña garantido ao saír de Nova York era o do tren a Londres.

Cando cheguei á redacción para despedirme, descubrín que non se preparara ningún itinerario para a miña viaxe e que se albergaban certas dúbidas sobre se o tren correo que esperaba coller con destino a Bríndisi sairía de Londres todos os venres pola noite. Tamén descoñeciamos se a semana na que se prevía a miña chegada a Londres coincidía coa conexión do tren co barco para a India ou para a China. De feito, quedei sorprendidísima cando cheguei a Bríndisi e descubrín que o barco se dirixía a Australia.

Acompañei un home que mandaron ás oficinas dunha navieira para tratar de armar un itinerario e axudarlles a planificalo o mellor posible dende este lado do Atlántico. Máis tarde veríase o lonxe que estaba de ser correcto.

Dende o meu regreso preguntáronme moitas veces cantas mudas levaba no meu solitario bolso. Algunhas persoas pensaban que non levaba máis ca unha; outras, que levaba pezas de seda, que ocupan moi pouco espazo; e outras preguntáronme se mercara o que necesitaba nos diferentes portos.

Unha nunca coñece a capacidade dun bolso de man corrente ata que a necesidade a impele a empregar todo o seu enxeño para reducir o que leva ao menor tamaño posible. No meu fun capaz de embutir dous gorros de viaxe, tres veos, un par de zapatillas, un xogo completo de artigos de aseo, tinteiro, plumas, lapis e papel carbón, alfinetes, agullas e fío, un salto de cama, unha chaqueta, unha bottelliña e un vaso, varias mudas completas, un arsenal de panos da man e cintas para o vestido e, o máis avultado e inflexible de todo, un bote de crema facial para protexer a cara dos diferentes climas que atopase.

Ese bote de crema converteuse no meu maior pesadelo. Parecía ocupar máis espazo no bolso ca calquera outra cousa, e sempre acababa metido xusto no oco que me impedía pechalo. No brazo levaba un chubasqueiro de seda, a miña única protección contra a chuvia. A experiencia posterior demostroume que, máis que escasa, levara demasiada equipaxe, porque en todos e cada un dos portos polos que pasei podería mercar calquera cousa que quixese, incluído un vestido xa confeccionado, a excepción quizais de Adén, cidade da que non podo falar con coñecemento de causa, xa que non tiven a ocasión de visitar as súas tendas.

Unha das miñas grandes preocupacións antes de partir era se podería lavar a roupa durante esa rápida viaxe. Fixérame á idea de que só ía poder acceder aos servizos dunha lavandeira unha ou dúas veces durante todo o percorrido. Sabía que nos trens sería imposible, pero a viaxe en ferrocarril máis longa foron os dous días de Londres a Bríndisi e os catro de San Francisco a Nova York. Nos barcos que atravesan o Atlántico non hai servizo de lavandería, pero nos da Peninsular and Oriental –que todo o mundo chama P & O–, entre Bríndisi e a China, o contramestre fai todos os días unha bogada que deixaría abraiada a maior lavandería dos Estados Unidos. E aínda que non houbera lavandería nos barcos, en todos os portos hai persoal competente desexoso de demostrar o que son capaces de facer os orientais coa bogada. Seis horas abundan para que rematen a tarefa, e se prometen rematar un traballo a unha hora determinada, pódese confiar en que serán extremadamente puntuais. É posible que sexa porque non lle ven utilidade ningunha á roupa, pero si aprecian con fervor o valor do diñeiro que reciben a cambio do seu traballo. Os seus prezos, comparados cos das lavanderías de Nova York, son inauditamente baixos.

E ata aquí os meus preparativos. Xa se verá que se unha viaxa simplemente polo pracer de viaxar, e non para impresionar os seus compañeiros de viaxe, o problema da equipaxe simplifícase moito. Nunha ocasión –en Hong Kong, onde me convidaron a unha cea oficial–, lamentei non ter un vestido de noite, pero perder aquela cea non foi nada comparado con todas as responsabilidades e preocupacións das que me librei ao non levar unha chea de baúis e caixas das que estar pendente.

